



Ayuntamiento de O Incio

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE UN AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Base primeira.- Obxecto da convocatoria.

Estas bases teñen como finalidade regular o proceso selectivo mediante o sistema de concurso para a contratación laboral temporal por obra ou servizo de duración determinada de UN AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, durante o periodo de un (1) ano, a xornada completa, coa finalidade de garantir a correcta prestación do servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrència e proceder a dar de alta no dito servizo aos usuarios que na actualidade están en lista de agarda.

Base segunda.- Condicións de admisión dos aspirantes.

1. Os requisitos dos aspirantes, e que deberán cumprir na data na que finalice o prazo de presentación de instancias no Concello para participar no proceso selectivo serán os seguintes:

a) Nacionalidade.- Ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados do dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de selo caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 de vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Idade.- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non excedela idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional.- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

d) Habilitación: non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do carné de conducir tipo B e dispoñibilidade de vehículo para o desenvolvemento do seu traballo.

f) Estar en posesión do título de graduado escolar ou equivalente.

g) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Técnico de Grao Medio en Coidados Auxiliares de Enfermería ou titulación equivalente.
- Técnico de Grao Medio en Atención Sociosanitaria.
- Técnico de Grao Medio en Atención a Persoas en Situación de Dependencia.
- Certificado da Profesionalidade en Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio ou o equivalente Certificado de Profesionalidade de ocupación de auxiliar de axuda a domicilio.
- Certificado de Profesionalidade en Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

Base terceira.- Sistema de selección e desenvolvemento do proceso.

1.- O proceso selectivo inciarase coa publicación das bases do proceso selectivo no Taboleiro de Anuncios do Concello de O Incio, e na súa páxina web (<https://www.concellooincio.es>).

2.- Os/as aspirantes deberán presentar no Rexistro do Concello a Instancia de Solicitud para participar no proceso selectivo (Anexo I) dirixida á Sra. Alcaldesa e aportar a documentación esixida e a xustificación dos méritos que aleguen no prazo de 10 días naturais contados dende a publicación do anuncio de convocatoria na páxina web do Concello.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro do Concello en horario de 8,00 a 14,00 horas de luns a venres. Tamén poderán presentarse nas formas previstas na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas . No caso de `presentala fóra do Concello, o/a aspirante deberá dirixir por Fax (982427100) unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

3.- .A data da entrevista publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web.

Base cuarta.- Funcións a desenvolver.

As funcións a desenvolver, a título enunciativo, serán as seguintes:

O/a auxiliar de axuda no fogar ten como función prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de



Ayuntamiento de O Incio

desestruturación familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando a súa posible institucionalización.

De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, os/as auxiliares de axuda no fogar prestarán os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter personal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado da hixiene persoal e así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir así como do enxoval doméstico.
- Coidados básicos da vivenda.
- Apoio á unidade familiar.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

Base quinta.- Tribunal cualificador.

1. A selección será realizada por un Tribunal, segundo o disposto nos artigos 60 e 61 do EBEP, e estará composto polos seguintes membros:

- Presidente/a: Dona M.^a Jesús Veigas López, Traballadora Social do Concello de O Incio.
- Secretario/a : Don Héctor Manuel Corujo González, Administrativo do Concello de O Incio.
- Vogais:

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

- Don Rafael Castillo Reboiro, Secretario do Concello de O Incio.
- Dona Purificación Freán Caldas, Administrativa do Concello de O Incio.
- Dona Ana Belén Castro Gil, Administrativa do Concello de O Incio.

Por cada membro do tribunal nomearase un suplente, no suposto de ausencia dalgún membro titular.

2. Abstención e recusación.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, asimesmo, os aspirantes poderán recusalos cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da citada Lei.

3. Constitución e actuación.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar, sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Os membros do tribunal, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

Cando se estime necesario ou conveniente, poderase dispoñer a incorporación de asesores especialistas. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Base sexta.- Baremo de méritos.

Os méritos a valorar serán os seguintes:

a) Experiencia Profesional: Puntuación máxima: 4,00 puntos

- Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Pública ou en empresas dependentes da Administración Pública, en postos de traballo similares e directamente relacionados: 0,20 puntos/mes completo a xornada completa. Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes . Asemade, reducirase proporcionalmente a puntuación nos servizos prestados a tempo parcial, tomando como referencia corenta horas/semana.
- Por cada mes completo de servizos prestados en Empresas Privadas, en postos de traballo similares e directamente relacionados: 0,10 puntos/mes completo.

b) Formación. Puntuación máxima: 3,00 puntos.

b.1) Por titulación: Valoraranse todos os títulos relacionados, independentemente de



Ayuntamiento de O Incio

que fosen utilizados ou non para os requisitos de acceso (valorarase unicamente o de maior categoría): Máximo 1,50 puntos.

- Técnico de Grao Medio en Coidados Auxiliares de Enfermería ou titulación de formación profesional equivalente (1,50 puntos).
 - Técnico de Grao Medio en Atención Sociosanitaria (1,50 puntos).
 - Técnico de Grao Medio en Atención a Persoas en Situación de Dependencia (1,50 puntos).
 - Certificado da Profesionalidade en Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio ou o equivalente Certificado de Profesionalidade de ocupación de auxiliar de axuda a domicilio (1,00 punto).
 - Certificado de Profesionalidade en Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (1,00 punto).
 -
- b. 2) Por asistencia a cursos de formación específica impartidos ou validados por entidades públicas relacionados coas funcións do posto de traballo (valorarase unicamente o de maior categoría): máximo 1 punto.
- Cursos de menos de 30 horas: 0,10 puntos por curso.
 - Cursos de duración igual ou superior a 30 horas e menos de 100 horas: 0,15 puntos por curso.
 - Cursos de duración igual ou superior a 100 horas: 0,25 puntos por curso.
 - Cursos de duración igual ou superior a 300 horas: 0,50 puntos por curso.
- b.3) Coñecemento do idioma galego: máximo 0,50 puntos. Computándose unicamente o grao superior alegado e concederase validez tan só polos cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación:
- Celga 2: 0,10 puntos
 - Celga 3 ou Gao de iniciación: 0,25 puntos
 - Celga 4 ou Grao de perfeccionamento: 0,50 puntos.

Os méritos que aleguen os/as interesados/as e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que o Tribunal considere que non estiveran suficientemente acreditados, e en concreto:

- Copia compulsada do carné de conducir tipo B e declaración do interesado/a de dispor de vehículo ou compromiso de dispor del no caso de ser seleccionado/a.
- Copia compulsada dos cursos específicos.
- Copia compulsada do Celga
- Copia compulsada da Titulación académica esixida para participar neste procedemento.
- Certificación de servizos prestados expedida pola Administración Pública na que o candidato/a prestou os seus servizos na que conste o tempo traballado na categoría á que se opta.
- Certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e copia compulsada de contratos de traballo nos que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coas da praza/posto/función.

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados na data fixada para a presentación de instancias, sen que a súa non aportación se considere como defecto subsanable.

c) Entrevista. Puntuación máxima: 3,00 puntos.

Unha vez feita a valoración levarase a cabo a entrevista que versará sobor das funcións propias do posto e do seu desempeño dentro do Concello.

Base sétima.- Proposta do Tribunal e presentación de documentación polos aspirantes seleccionados.

1. Terminada a fase de valoración do concurso o Tribunal elevará a súa proposta á Sra Alcaldesa- Presidenta para que formule o nomeamento pertinente.

2. A selección recaerá no/a aspirante que obteña maior puntuación. O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que sen ser seleccionados/as formarán parte da LISTA DE RESERVA coa finalidade de asegurar a cobertura do emprego. No suposto de que se produzan renuncias, baixas ou substitucións do aspirante seleccionado, o órgano convocante poderá acudir á prelación de aspirantes.

3. O/a aspirante proposto presentará, nos 5 días hábiles seguintes ao día de facer pública a proposta os documentos acreditativos das condicións que para participar neste proceso selectivo se esixen na base requirida:

- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.

- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás no caso de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgúns requisitos sinalados na base segunda, non poderán ser contratados/as e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

por falsidade na solicitude de participación.

Base oitava.- Formalización de contrato.

1. Concluído o proceso selectivo e achegados os documentos a que se refire a base anterior, a Sra Alcaldesa-Presidenta, de acordo coa proposta formulada polo Tribunal, procederá a formalizala relación laboral correspondente.

2. O contrato que se lle realizará á persoa seleccionada é temporal, de obra ou servizo determinado cunha duración de 1 ano.

3. O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Ley 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e concordantes).

Base novena.- Recursos.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recurrido en prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación das bases no taboleiro de anuncios. Se transcurrira un mes desde o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios do Concello.
- Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985 , do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública, o Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.

En O Incio, na data da sinatura

A Alcaldesa – Presidenta

Ayuntamiento de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 Lugo. Tfno. 982427014. Fax: 982427100



Ayuntamiento de O Incio

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

ANEXO I. SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DATA DE NACEMENTO	DNI	NACIONALIDADE
ENDEREZO		
CONCELLO	PROVINCIA	TELEFONO

SOLICITA

Ser admitido/a nas probas selectivas convocadas para a contratación laboral temporal dun posto de auxiliar de axuda no fogar, declaro que son certos tódolos datos consignados nesta solicitude e que coñezo e reúno as condicións esixidas nesta convocatoria, referidas á data en que remata o prazo de presentación de instancias.

Achego a seguinte documentación:

(MARCAR O QUE PROCEDA)

DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.

Titulación.

Permiso de condución en vigor tipo B e declaración de dispor de vehículo ou compromiso de dispor del no caso de ser seleccionado/a

Documentos xustificativos dos méritos que alego segundo o establecido na base sexta da convocatoria.

O Incio _____ de _____ de 2017

Asdo.: _____

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do Concello de O Incio para o exercicio das funcións e competencias atribuídas ao Concello de O Incio na lexislación vixente. Os/as interesados/as poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente ao tratarase de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Praza de España, 1 – 27346.- O Incio .- Lugo.

Ayuntamiento de O Incio



Ayuntamiento de O Incio

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE O INCIO

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE DISPOR DE VEHÍCULO

D. _____, con DNI
núm. _____, domicilio para efectos de notificación en
_____, CP _____ e teléfono _____

DECLARO:

Que dispoño de vehículo e me comprometo a dispor del no caso de ser seleccionado/a para o posto de auxiliar de axuda no fogar, para desprazarme aos diferentes lugares do termo municipal onde se desenvolvan as tarefas relacionadas co posto de traballo.

O Incio, ____ de _____ de 2017

Asdo.: _____

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO O INCIO.

Ayuntamiento de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 Lugo. Tfno. 982427014. Fax: 982427100



Ayuntamiento de O Incio

ANEXO III. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con DNI
núm. _____, domicilio para efectos de notificación en
_____, CP _____ e teléfono _____

DECLARO:

PRIMEIRO: Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

SEGUNDO: Que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto.

TERCEIRO: Que non estou separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercizo das funcións públicas.

No suposto de ser nacional doutro Estado, **DECLARO**, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ao emprego público.

O Incio, ____ de _____ de 2017

Asdo.: _____

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO O INCIO.

Ayuntamiento de O Incio

Plza. de España, 1, O Incio. 27346 Lugo. Tfno. 982427014. Fax: 982427100